



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE NAIS/PAIS/TITORES LEGAIS DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR CONVOCATORIA RENOVACIÓN PARCIAL

De conformidade co indicado na RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG nº 180 do 18 de setembro do 2024), a Xunta Electoral deste Centro, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE NAIS/PAIS/TITORES LEGAIS** do alumnado, segundo as seguintes normas:

1. Conforme ao establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG 9/08/96) e no Decreto 92/1988, do 28 de abril. (DOG, 29/04/88) corresponde elixir no presente proceso electoral a **tres nais/pais/titores legais** dun total de tres que debe ter o Consello Escolar. Dous representantes serán elixidos en votación, o que obteña maior número de votos ocupará o posto a renovar nesta convocatoria de eleccións, e o de menor número de votos ocupará a vacante xurdida pola ausencia de candidaturas na anterior convocatoria. O terceiro representante é o correspondente á ANPA.

2. Son electoras/es todas as nais e pais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir desta data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as **14:00 horas do día 11 de novembro**, na secretaría do centro.

3. Son elixibles as nais e pais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría. As candidaturas poderán ser presentadas ata **as 14:00 horas do día 11 de novembro de 2024**.

4. A mesa electoral estará formada pola Directora do Centro, que actuará como presidenta, e catro nais/pais/titores legais, designados por sorteo público o día **12 de novembro ás 10:00h** entre as/os que non se presenten como candidatas/os, actuando como secretaria/o a/o de menor idade.

5. As eleccións do sector de Nais/Pais/titores Legais do Alumnado realizaranse o **martes 19 de novembro de 2024 de 16:30 a 19:00**.

6. Cada elector, que deberá acreditar a súa personalidade mediante a presentación do documento nacional de identidade ou calquera outro documento acreditativo, fará constar na papeleta das eleccións un máximo **dunha candidatura**.

7. O voto será directo, secreto e non delegado.

8. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

9. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

IES BEADE, 28 de outubro do 2024

A directora do Centro e presidenta da Xunta Electoral,

Asdo.: Lilliana Saco Álvarez

